

RÚA ext-cénica

Prazas, xardíns, paseos e outros espazos públicos singulares do concello servirán de escenario para artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas: música, circo, teatro de rúa... que intentarán transformar a rúa nun escenario propicio onde provocar a interacción social co público asistente nun ambiente festivo.

Para público familiar e adulto.

Entrada de balde.

Venres
17 de xullo

20.00 horas: La Finestra Nou Circ. *"Pilots"*
(clown, malabares, acrobacia, monociclo).

Parque do Emigrante (Sta. Cruz)

21.00 horas: Cia. Orain-Bi. *"Mute"* (circo).

Praza Esther Pita (Sta. Cruz)

Sábado
18 de xullo

20.00 horas: Teatro Ghazafellos.

"Sherezade, Aladino e os tres beduínos"

(teatro de rúa). Parque José Martí (Sta. Cristina)

21.15 horas: Vangoura (concerto).

Praza Afundida (Sta. Cristina)

Domingo
19 de xullo

12.30 horas: Lembra Xabarín.

"Concerto tributo Lembra Xabarín" (música infantil).

Parque das Torres (Santa Cruz)

20.00 horas: Darío Bardam. *"Phantom"*

Residencia Paraíso (danza contemporánea).

Parque Luis Seoane (Santa Cruz)

RÚA ext-cénica

X Festival de artes escénicas na rúa

Oleiros, do 17 ao 19
de xullo de 2026



► Venres 17 de xullo

ás 20.00 h: La Finestra Nou Circ/ “Pilots” (clown, malabares, acrobacia, monociclo). Parque do Emigrante (Santa Cruz)

Autoría e dirección: La Finestra Nou Circ. **Elenco:** Mari Marcos, Luis Reché, Dayné Álvarez, Alberto Vidal, Olga Osuna. **Procedencia:** Valencia. **Destinatarios/as:** Todos os públicos. **Duración:** 60 minutos.

Sinopse: Uns excéntricos pilotos, guiados por un gran mapa e un pouco perdidos, chegan co seu orixinal coche a pedais en busca do mellor lugar onde realizar a súa carreira de vehículos tolos. Tras unha longa procura chea de inesperadas situacións que superarán coas súas habilidades, o seu gran sentido do humor e a participación do público, finalmente atopan o lugar ideal para a carreira. A Improvisación, o enxeño e unha gran destreza física farán un espectáculo cheo de diversión.

ás 21.00 h: Cia. Orain-Bi/ “Mute” (circo). Praza Esther Pita (Santa Cruz)

Idea e produción: Orain-Bi (zirko/teatro). **Dirección artística:** Coral Graciani e Kike Aguilera. **Intérpretes:** Rodrigo Lacasa e Sara Álvarez. **Dramaturxia:** Coral Graciani. **Dirección técnicas circenses:** Kike Aguilera. **Procedencia:** Bilbao. **Destinatarios/as:** Todos os públicos. **Duración:** 50 minutos.

Sinopse: Terceira persoa do singular do imperativo do verbo MUTAR: Cambiar o aspecto, a natureza, o estado etc “e un día o pasado volveu ás nosas vidas e fíxonos reencontrarnos con todo aquilo que sentimos noso. Volvemos vernos no noso teatro, todo cuberto polo po que delataba o paso dos anos, e mentres revivíamos os nosos números de circo transformados a esta nova vida, produciuse a maxia de sentir que nós mutábamos ao unísono!!!”

► Sábado 18 de xullo

ás 20.00 h: Teatro Ghazafellos/ “Sherezade, Aladino e os tres beduínos” (Teatro de rúa). Parque José Martí (Santa Cristina)

Texto e dirección: Pepablo Patinho. **Idea orixinal:** Teatro Ghazafellos. **Elenco:** Montse Piñón, Jorge Casas, Pepablo Patinho. **Procedencia:** Galicia. **Destinatarios/as:** Público familiar. **Duración:** 50 minutos.

Sinopse: Baixo o arrecendo a incenso uns contadores de historias da lonxana Persia evocarán as aventuras de Sherezade e as súas mil e unha noites. Alfombras voadoras, xenios poderosos, ladróns, aventureiros... Todo mesturado con música e recreacións dos momentos máis máxicos dos contos tradicionais de orixe árabe, persa e india... Coma sempre, o público será partícipe das historias!

ás 21.15 h: VANGOURA. Concerto. Praza Afundida (Santa Cristina)

Procedencia: Madrid. **Destinatarios/as:** Todos os públicos.

Vangoura é o dúo madrileño de indie pop formado por Miguel Figueras e Ignacio Alarcón, cun estilo a medio camiño entre sons vangardistas e as estruturas clásicas do pop. “**providencia**” é o primeiro single que nos deron a coñecer en 2025 do seu novo traballo, producido polo prestixioso Paco Salazar (Dani Fernández, Dani Martín...); “**providencia**” ten forza, enerxía e unha mensaxe contundente que reafirma a vangoura como un dos proxectos máis especiais deste curso".

X Festival de artes escénicas na RÚA

► Domingo 19 de xullo

ás 12.30 horas: Lembra Xabarín / “Concerto tributo Lembra Xabarín” (música infantil).

Parque das Torres (Santa Cruz)

Elenco: Fer González (voz), Yenina Alonso (voces), Aitor Salgado (batería), Diego Mosquera e Dani García (guitarras) e Manuel Fidalgo (baixo). **Procedencia:** Galicia. **Destinatarios/as:** Todos os públicos. **Duración:** 70 minutos.

Sinopse: Son ás 6 da tarde: bocata de chourizo fronte ao televisor e os ollos coma pratos. Songoku, Arale e Novita falan en galego! O concerto tributo ‘Lembra Xabarín’ convida aos pequenos e pequenas a compartir o amor pola nosa lingua a través dos debuxos animados e a música. A proposta deste concerto é rememorar os anos oitenta e noventa a través da música que encadeaba os capítulos dos debuxos animados no Xabarín clube. Daquela, falar galego era rock&roll, era punk, era desafiar o sistema. Lembra Xabarín convidanos a unha viaxe temporal, musical e lingüística a través dos Herdeiros da Crus, Aerolíneas Federales, Os Diplomáticos de Monte Alto, Victor Coyote, Blood Filloas, La Marabunta ou Siniestro Total. O obxectivo é achegar a música rock en galego que marcou unha xeración, ás xeracións que viñeron despois. Un concerto para público infantil e familiar para divertirse, bailar e rememorar o legado cultural que O Xabarín nos deixou.

ás 20.00 h: Darío Bardam/ “Phantom”

Residencia Paraíso (danza contemporánea)

Parque Luis Seoane (Santa Cruz)

O bailarín e coreógrafo canario **Darío Bardam** desenvolverá o proxecto **Phantom**, unha investigación sobre a relación entre a figura do fantasma e as políticas de desidentificación. A través de beats, melodías e sets de DJ, Bardam constrúe un corpo fantasmagórico que se desvanece, deixando espazo a que todo baile emerxa. A proposta continúa a súa liña de exploración da danza como forma autónoma de coñecemento e da desidentificación como mecanismo de mediación, poñendo en primeiro plano o pracer de bailar e a enerxía do corpo en movemento.

